

# Posmodernidade e metarrelato nacional: a creación ferriniá de Tagen Ata

## *Postmodernity and National Discourse: Ferrín's Tagen Ata*

María LÓPEZ SÁNDEZ

msandez@usc.es

[Recibido, xaneiro 2007; aceptado, febreiro 2007]

### RESUMO

Este artigo pretende achegarse ao macrotexto de Tagen Ata de Xosé Luís Méndez Ferrín como exemplo da viabilidade dunha literatura que contribúe ao imaxinario nacional sen por iso concitar o rexeitamento dunha crítica literaria que ten asumido criterios e presupostos da posmodernidade.

**PALABRAS CHAVE:** Posmodernidade, Ferrín, Tagen Ata, nacionalismo.

LÓPEZ SÁNDEZ, M. (2007): "Posmodernidade e metarrelato nacional: a creación ferriniá de Tagen Ata". *Madrygal (Madr.)*, 10: 77-84.

### RESUMEN

Este artículo pretende analizar el macrotexto de Tagen Ata de Xosé Luís Méndez Ferrín como ejemplo de la viabilidad de una literatura que contribuye al imaginario nacional sin que por ello concite el rechazo de una crítica literaria que ha asumido criterios y presupuestos de la posmodernidad.

**PALABRAS CLAVE:** Posmodernidad, Ferrín, Tagen Ata, nacionalismo.

LÓPEZ SÁNDEZ, M. (2007): "Posmodernidad y metarrelato nacional: la creación ferriniana de Tagen Ata". *Madrygal (Madr.)*, 10: 77-84.

### ABSTRACT

This articles explores a group of texts by Xosé Luís Méndez Ferrín unified by the universe of "Tagen Ata" as an exemple of how a literary discourse that contributes to the national imaginary can avoid rejection, even if literary criticism has assumed many postmodern criteria.

**KEY WORDS:** Posmodernity, Ferrín, Tagen Ata, nationalism.

LÓPEZ SÁNDEZ, M. (2007): "Postmodernity and National Discourse: Ferrín's Tagen Ata". *Madrygal (Madr.)*, 10: 77-84.

**SUMARIO:** 1. Introducción. 2. Factores extratextuais. 3. Factores textuais. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

## 1. INTRODUCCIÓN

Unha das bases fundamentais do pensamento posmoderno é o rexeitamento das metanarrativas totalizantes. A crise da idea de verdade é a causa de numerosos debates e da insatisfacción case ineludíbel que coa posmodernidade senten desde os sistemas morais e relixiosos ata a esquerda política, pasando necesariamente polo discurso nacionalista. Cómpre ter en conta, neste último caso, que entre as vías fundamentais polas que a literatura serviu ao nacionalismo clásico destaca a do seu funcionamento como “alegoría nacional” (Fredric Jameson 1986), de tal xeito que a historia individual remite á colectiva e contribúe a asentar unha conciencia histórica e unha identidade de corte esencialista. Por esta razón, sendo a propia noción de identidade problematizada na posmodernidade, non resultan estraños os problemas de artellamento entre o pensamento nacionalista e o posmoderno.

A figura autorial de Xosé Luís Méndez Ferrín está, debido a razóns biográficas que transcenden a propia creación literaria, intimamente ligada a un compromiso nacionalista radical. Quizais por iso mesmo o seu posicionamento respecto á posmodernidade é inequivocamente crítico. Ademais, a este rexeitamento contribúe, igualmente, o seu vencellamento á esquerda política. Mais, paradoxalmente, a súa produción literaria non responde ao perfil das obras que o discurso posmoderno pode desartellar doadamente, asociándoas a modos obsoletos de construción dunha identidade nacional; moi pola contra, en tempos nos que certas ideas posmodernas conforman o criterio crítico dominante, Méndez Ferrín é un autor indiscutiblemente valorado. O noso propósito neste artigo é analizar as circunstancias que fan posíbel esta aparente contradición.

## 2. FACTORES EXTRATEXTUAIS

Son numerosas as entrevistas nas que Xosé Luís Méndez Ferrín expresou a súa pouca confianza no discurso literario para promover o cambio social: “a miña opinión do primeiro (o escritor de ficción) xa a coñeces: non pinta nada ou pinta moi pouco na dinámica transformadora da sociedade” (Víctor Freixanes 1976: 237). Con todo, non debemos caer nunha interpretación excesivamente simplista da concepción da literatura do escritor ourensán. A carón destas palabras,

nas mesmas entrevistas, o autor recorre, por exemplo, ao concepto de “política-ficción” para referirse a *Retorno a Tagen Ata* ou sinala a íntima unión do seu pulo creador e político, afirmación que é unha constante nos seus pronunciamentos públicos:

[P]úxenme a escribir con estricta conciencia patriótica, por desenrolar unha función práctica cara unha Galicia que arelábamos ceibe e dona de sí mesma, da súa fala, da súa cultura. Veleiquí cómo o inicio do escritor é o inicio dunha actividade política (Víctor Freixanes 1976: 235).

[E]u xa empecei a escribir en galego e en función de pensar que a literatura é unha parte da liberación nacional de Galicia (Salgado e Casado 1989: 197-198).

De feito, este aparente paradoxo, esta complexidade do papel social da literatura, foi formulado explicitamente polo propio Méndez Ferrín: “[S]en a palabra non se fai a Revolución francesa nin a física cuántica [...] Pero, evidentemente, a palabra dos poetas non cambia o mundo” (Xosé Manuel del Caño 2005: 178).

Pero o máis interesante para o asunto que nos ocupa é que todo isto se relaciona directamente co tema da posmodernidade, porque a crítica sinalou a utilización dunha “retórica de palinodia” como unha das características máis notábeis da escrita posmoderna (Matei Calinescu 1987: 298). “Palinodia” designaría, en grego, unha oda ou canción na que se produce unha retractación pública de ideas, sentimentos ou condutas mantidas previamente e, nun sentido estendido, pasaría a designar toda forma de retractación. A contradición que se deriva do uso da palinodia estaría en consonancia coa indeterminación epistemolóxica posmoderna e mesmo coa negación sofista da existencia dunha verdade. Neste sentido, resulta rechamante o “efecto de palinodia” derivado das citas sinaladas, do que se desprende unha ambigüidade que dificulta que se impute ao autor un uso simple e directo da literatura como ferramenta de construción nacional cando, por máis que recoñeza a raizame ideolóxica do seu pulo creador, expresa escepticismo respecto á eficacia ideolóxica da literatura. Dun xeito semellante, nas súas declaracións sobre *Retorno a Tagen Ata* (1971), Méndez Ferrín ten aproveitado a autoridade da súa condición de autor para negar repetidamente a interpretación alegórica máis estreita, que podería levar ao tipo de crítica que, desde os

presupostos da posmodernidade, se ten feito ás “alegorías nacionais”. Isto achéganos unha pauta de utilización das declaracións sobre a súa obra como unha vía de contribuír a orientar as interpretacións lonxe dos deostados usos ideolóxicos tradicionais.

### 3. FACTORES TEXTUAIS

Mais é sen dúbida na propia construción textual onde radican os elementos fundamentais para este funcionamento e lugar crítico que vimos sinalando e, moi particularmente, na escolla estilística, nos modos de representación e no uso da intertextualidade. A estes aspectos dedicaremos as seguintes páxinas.

#### 3.1. A ESCOLLA ESTILÍSTICA E A PREOCUPACIÓN FORMAL

É ben sabido que Méndez Ferrín fai entroncar a súa propia obra cunha tradición que el mesmo perfilou e designou como “Escola Formalista”. O trazo esencial que dá nome a esta tradición textual que conecta a obra ferriniá coa liña de Eduardo Pondal e de Ramón Otero Pedrayo é o alto coidado estilístico, tendente mesmo ao hermetismo. Esta vocación formal plásmase, por exemplo, no alto lugar que Méndez Ferrín ocupa para a crítica literaria na súa faceta poética. A canonicidade do autor é un feito indiscutíbel, ata ao punto de que posibelmente sexa o máis claro clásico en vida da literatura galega. Este asentamento pode obxectivarse, entre outras cousas, a través da súa candidatura ao premio Nobel de literatura por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega ou pola súa representación nas antoloxías tanto narrativas como poéticas<sup>1</sup>. A alta cualidade estética e formal dos textos subtraen ao autor dun discurso crítico que a miúdo xulga con dureza os textos de intención política que se serven dun discurso simple e pouco coidado ou anovador, mesmo se en paralelo a simplicidade é xulgada con menor dureza cando a guía unha intención de conexión co público en termos de mercado máis ca unha concreta orientación ideolóxica. Esta importancia da “altura estética” para o xuízo crítico é sinalada

por Antón Capelán Rei en relación a *Retorno a Tagen Ata*.

Outro dos valores innegables desta novela curta, na nosa opinión, é o seu estilo verbal moi elaborado, co que lle confire bastante altura estética a unha parábola política que, doutro xeito, podía ser rexeitada sen máis por aqueles lectores que non aceptasen as valoracións históricas nela contidas (Antón Capelán 1996: 39).

#### 3.2. A INTERTEXTUALIDADE

A intertextualidade constitúese nun trazo fulcral da creación ferriniá, tal como o propio autor ten sinalado:

Eu son consciente de que estou escribindo unha obra nada máis en toda a miña vida. Para min existe un único relato acompañado de poemas que se está producindo dende o inicio da miña carreira literaria e, cando escribo, estou en relación con tódolos meus textos anteriores e cos dos outros autores. Quere dicir isto que no meu relato están tamén outros relatos e outros poemas que non son meus (X. L. Méndez Ferrín 1992: 149).

Agora ben, como é sabido, a exacerbación da intertextualidade e a metaficción é unha das características máis salientábeis da literatura posmoderna, unha característica que se ten ligado á desconfianza na existencia do referente que fai que a literatura pase a ser intransitiva, autotélica e autorreferencial. O universo narrativo de *Tagen Ata*, iniciado con *Retorno a Tagen Ata* (1971), espándese posteriormente deica crear un macrotexto integrado pola devandita obra, *Amor de Artur* (1982), *Arnoia*, *Arnoia* (1985) e *Bretaña*, *Esmeraldina* (1987), ademais da presenza de leves alusións en *Antón e os inocentes* (1976: 83) e no conto “Odiado Amado” integrado en *Crónica de nós* (1980). Mesmo antes da irrupción do topónimo na narrativa ferriniá atopamos prefiguracións de *Tagen Ata* no Xardín das Outas Árboreas, de “Percival”, ou en Nijmenk, de “O dique de area” (Manuel Amor Couto 1996: 1479). Un dos efectos da trabazón deste macrotexto e das súas referencias a outras narracións previas é a potenciación da recorrencia, que ten sido destacada pola crítica entre os trazos máis relevantes da

<sup>1</sup> No ámbito da narrativa, pode servir de exemplo a antoloxía *Invitación á narrativa* de Luciano Rodríguez Gómez (1983), na que a obra de Méndez Ferrín é a que ocupa maior extensión das antalogadas. No tocante á poesía, é destacábel o papel do autor na antoloxía poética consultada realizada por Arturo Casas (2003), pois ocupa o primeiro lugar nas tres categorías correspondentes aos distintos modos de avaliar os datos empíricos da consulta.

creación ferriniá. Falouse dun “estilo reiterativo” (María Xosé Queizán 1979: 76); púxose en cuestión o establecemento de fases na creación de Méndez Ferrín, por considerar que a fragmentación implícita a este procedemento agocharía a fonda unidade da súa obra (Antón Capelán 1985); empregouse a expresión “escritura en espiral” para facer referencia á existencia dunha evolución en torno á permanencia recorrente da liberación, a nostalgia e a recuperación das orixes (Carmen Blanco 1993) e, na mesma liña, concibiuse cada obra de Méndez Ferrín como “parte dun todo aínda inacabado” (Marta Dacosta 1994: 32).

A repetición é un dos mecanismos fundamentais, se non o máis importante, de establecemento e instauración do mito ou o imaxinario: “je ne sais si, comme dit le proverbe, les choses répétées plaisent, mais je crois que du moins elles signifient” (Roland Barthes 1957: 565). De feito, a emerxencia dunha perspectiva neorretórica nos estudos literarios, orientada á análise dos efectos performativos, ten recuperado a atención á repetición desde unha perspectiva que soborda a análise meramente estilística (Madeleine Frédéric 1985). Deste xeito, a forte presenza da intertextualidade conecta o ciclo textual estudado cun dos máis visíbeis trazos posmodernos, pero, nun sentido radicalmente afastado da posmodernidade, a súa potenciación da recorrencia contribúe a un efecto instaurativo.

### 3.3. OS MODOS DE REPRESENTACIÓN

O ciclo textual de Tagen Ata afástase do realismo mimético que foi, en certos momentos, o modo literario por antonomasia dos usos ideolóxicos e que hoxe tende a ser unanimemente rexeitado como “obsoleto” e “decimonónico”. A creación toponímica exótica é unha das características máis persoais da obra de Méndez Ferrín e supón unha renuncia a modos directos de identificación e construción nacional, mais isto non impediu que, desde a recepción, se teña interpretado *Retorno a Tagen Ata* (1971) en clave de alegoría nacional, aínda que, como xa dixemos, as manifestacións do autor potencian a ambigüidade interpretativa e teñen intentado desvencellar o texto dunha asignación alegórica inequívoca. Máis alá do xogo toponímico, a rede de identificacións que se estableceron nas interpretacións alegóricas xustifícase no feito de que Tagen Ata se constrúe sobre os tópicos da identidade esencia-

lista, como poñen de manifesto as redes de antíteses Tagen-Ata / Terra-Ancha. A seguinte análise de Manuel Amor Couto é moi transparente e ilustrativa disto:

Para a caracterización deste espazo o narrador utiliza determinados trazos que tanto a historiografía tradicionalista española como tamén a historiografía romántica galega escolleron para definir o tópico do español: Castela e o castelán como núcleos da identidade española, unha xeografía austera e mesetaria, o catolicismo intransixente, o militarismo e o imperialismo belicoso, a influencia histórica musulmá... As características asociadas a Terra Ancha son sempre deste teor: terreo poeirento, árido, case desértico, escuro, poboado por infrahomes... É bastante evidente a utilización dos tópicos celtistas de moitos autores do XIX (particularmente Pondal) e que contrapúñan unha Galiza rica, fértil, celta, indoeuropea e oprimida a unha Castela / España, pobre, árida, semíticomoura e opresora (Manuel Amor Couto 1996: 1498-1499).

Poucos termos teñen asociada unha carga crítica connotativamente tan negativa como os de “tópico” ou “estereotipo”. Por iso, os textos que reproducen os imaxinarios nacionais, necesariamente convencionalizados, resultan doadamente atacados. Mais a inclusión que deles fai Méndez Ferrín na súa obra súmase ás numerosas formas de intertextualidade e, deste xeito, calquera acusación de inxenuidade na plasmación dunha terra celta, verde e ocupada pola Grande Fraga evítase mediante a súa inclusión como xogo intertextual ironicamente autosinalado. Pero o aspecto máis interesante desde o noso punto de vista é que se a metaficción e a intertextualidade posmodernas contribúen ao autotelismo propio do escepticismo gnoseolóxico, da creba da fe na verdade e no existente, na obra de Méndez Ferrín semellan servir, como dixemos, a outro fin, o da potenciación da recorrencia, que é un dos mecanismos fundamentais da instauración dun imaxinario e, daquela, da creación dunha identidade.

A reafirmación que os textos ferriniáns fan dos trazos identitarios de Galicia faise evidente na plasmación espacial e paisaxística. *Retorno a Tagen Ata* (1971) ábrese e péchase con senllas descrições, cruzadas de recorrencias fortemente cohesivas, que recollen unha vivencia fortemente emocionada do espazo, dunha Grande Fraga que se erixe en símbolo e que remite a unha das esferas onde o investimento do imaxinario nacionalista de corte esencialista se fai máis evidente. O

diferente grao de explicitude con que o universo de Tagen Ata aparece nas distintas narracións que conforman o macrotexto propicia que a plasmación textual do espazo difira, abranguendo desde a descrición demorada e rica en matices ata o máximo esquematismo; pero é precisamente a aparición condensada nalgún destes textos o que permite fixar os trazos máis permanentes e definitivos. Podería dicirse que canto menor é a plasmación textual, máis se concentra a evocación do espazo na nostalxia, como acontece nun conto de título significativo a este respecto como é “Extinción dos contactos”. Ademais, é significativo que entre as notas propiamente descritivas tendan a permanecer a presenza da Grande Fraga e a designación como verde, sempre cargadas de tinturas simbólicas:

Arabella amaba Tagen Ata como un verde, imposible sitio ao que xa non regresará” (1982: 82).

[E]mpuñou unha azagaia cuxa haste fora labrada no tronco da árbore máis alta da Grande Fraga” (1982: 105).

A análise desta rede de referencias territoriais estandarizadas é moi interesante, porque abrangue, ademais do verdor, a beleza, a humidade e a frondosidade, que remiten á conformación paisaxística de toda unha tradición textual que parte de *Cantares gallegos*. Fronte a isto, Terra Ancha é unha “árdiga, erma chaira” (1971: 52). A estrutura binaria e antonímica propia da construción de estereotipos territoriais vese reforzada na narrativa ferriniá pola súa tendencia a unha estética expresionista, de fortes contrastes (Xesús Rábade Paredes 1986: 113). Mais, ao mesmo tempo, a autoconciencia textual fai que se acollan no texto reflexións sobre os estereotipos e a estandarización. Deste xeito, as escollas para a plasmación textual recollen material estandarizado que enuncian novamente inseríndose nunha rede textual con valor instaurativo, pero fano a través da intertextualidade, dun xeito consciente e autosinalado.

Hai, polo tanto, unha evidente recuperación dos trazos que desde o Rexurdimento serviron para a construción dunha imaxe-tipo de Galicia en que, metonimicamente, se seleccionan os trazos que mellor se prestan á oposición binaria fronte á alteridade castelá. Pero se a reafirmación simple do imaxinario ruralista espertaría hoxe a condescendencia —cando non o rexeitamento directo da crítica— o modo de inserción deste material a tra-

vés da intertextualidade e o autosinalamento racha calquera inxenuidade textual e dota ao texto do atractivo que lle permite evitar a condeá crítica. Cómpre considerar, ademais, que a enunciación sen pretensión de verdade ou verificabilidade non é, en termos do imaxinario, menos efectiva, xa que este non opera por verificación e racionalización, senón por repetición e instauración.

#### 3.4. O AUTOSINALAMENTO IRÓNICO DOS RECURSOS EMPREGADOS

No ciclo textual de Tagen Ata utilízanse os mecanismos propios do texto alegórico nacional, mais o seu uso, lonxe do ocultamento e a naturalización, é radicalmente consciente e autosinalado, achegando ao texto altas cotas de metaficción, de nostalxia e de ironía. Este é un trazo que, en realidade, amosou plenamente xa a escrita moderna, especialmente nas súas manifestacións vanguardistas. Na obra de Méndez Ferrín o autosinalamento é evidente e claramente irónico, pero ten o efecto que a posmodernidade sumou a este mecanismo de estender o artificio desde a propia obra a todo o demais. O recoñecemento do carácter construído do imaxinario nacional resulta menos destrutivo se toda outra construción se revela como igualmente construída. Esta igualación, unida ao tratamento afectivo e nostáxico conduce a un resultado curiosamente remitificador:

Deseguida recoñecín a estrutura —ou a ausencia de estrutura, mellor dito— característica do arrabaldo do Norte, do que tanto sentira falar nos nosos medios emigrados de Anató, polo seu carácter típico maiormente, e mais polo uso e abuso que do seu clima tiñan feito os escritores enxebristas azerratas que, sentimentalmente unidos ao campo e mais á vida rural —pola identificación, de orixe romántica, entre a vida campesiña e o senso profundo de Tagen Ata—, e condicionados a facer entrar nas súas obras literarias a realidade urbana do país, botaban man, de xeito máis ben infantil, daquela zona de T. que nun pasado ben recente tiña sido un conxunto de aldeas que, ao medraren espontaneamente, deran lugar ao barrio do Norte da vila; posición intelectual rematadamente falsa, que xa mesmo fora desmitificada polos estudos de antropoloxía social, aplicada a T. en xeral e ao arrabaldo en particular, encetados, para logo despois seren continuados por un conxunto de brillantes seguidores, por aquil excelente Kleines que daquela eu tivera ocasión de tratar na casa da miña tía Natalia (1971: 65).

Noutras ocasión o autosinalamento non é explícito, pero prodúcese a través da esaxeración hiperbólica do propio procedemento. Isto podemos velo exemplificado no antropomorfismo despregado nas descrições do espazo. A cultura occidental, fundamentalmente antropocéntrica, codificou o xénero do retrato moito antes de constituír a categoría cultural da paisaxe. Deste modo, cando a paisaxe comezou a concitar a atención e o investimento dos recursos culturais, produciuse unha asociación metafórica que permitía desprazar ao mundo natural a estetización que xa estaba consolidada na visión do corpo humano, fundamentalmente feminino. A esta dominante metafórica referiuse o teórico da paisaxe Alain Roger (1997) como “erotización da paisaxe”, ao constatar a inclinación “à projeter sur le pays des signes sexuels, sinon érotiques, en tout cas féminins” (Alain Roger 1997: 166). Estes usos son notábeis na escrita ferriniá. Xa en “Percival” se produce unha identificación entre corpo e espazo, pero no macrotexto que vimos analizando aumentan as asociacións antropomórficas. A chegada de Rotbaf Luden a Tagen Ata descríbese en termos nos que o erotismo acada, a través da hipérbole, un carácter paródico<sup>2</sup> e, de xeito semellante, en *Bretaña, Esmeraldina* (1987) o desexo da terra exprésase en termos abertamente sexuais. A propia diloxía do título desta última obra apunta á metaforización tradicional terra-muller. Prodúcese, así, a feminización do territorio a través de imaxes de penetración sexual e tamén se recorre ao tópico da terra-nai<sup>3</sup>.

#### 4. CONCLUSIÓNS

Na obra de Méndez Ferrín aprécianse numerosos trazos que se teñen asociado á creación literaria posmoderna, entre os que sen dúbida o máis visíbel é a intensificación máxima da intertextualidade, que vai desde a creación dun macrotexto asentado nunha rede de referencias cruzadas ata a inclusión de referencias e citas

literais da tradición literaria galega e universal. Á intertextualidade súmanse a dimensión meta-ficcional, o autosinalamento irónico dos recursos empregados, a inclusión de notas que rachan ou desdebuxan as fronteiras entre o mundo real e o ficcional e mesmo unha certa “retórica de palinodia”. Deste xeito, o alto coidado estilístico (que entronca a obra do autor coa liña formalista), a creación dun universo autónomo alleo ao realismo mimético e a configuración dun macrotexto transido de referencias intertextuais subtraen ao autor do tipo de críticas que suscitan obras nas que o procedemento alegórico-nacional se presenta dun xeito tradicional. Poden atoparse algunhas críticas neste sentido, mais dun carácter certamente minoritario e sen chegaren á descualificación, senón, en todo caso, ao sinalamento do carácter conservador de certas tácticas narrativas, como o monoloxismo axiolóxico fronte á polifonía non xerarquizada máis propiamente posmoderna (Dolores Vilavedra 1993: 143), un ámbito, ademais, no que hai que sinalar cando menos un xogo compensatorio de reprodución de polifonía extrema e non xerarquizada no elenco de voces que se dirixen ao protagonista de *Bretaña, Esmeraldina*.

Como resultado de todo canto vimos analizando, a obra de Méndez Ferrín e, particularmente, a construción intertextual do universo de Tagen Ata, obríganos a formularnos a situación problemática do discurso nacionalista na posmodernidade e, de modo moi concreto, da escrita nacionalista nun tempo no que o consenso crítico está imbuído de certos trazos posmodernos como a valoración dunha polifonía que impide unha ancoraxe ideolóxica do texto, a preferencia da indeterminación sobre a aseveración ou a actitude desmitificadora fronte ao discurso esencialista. O interese fundamental do ciclo textual de Tagen Ata a este respecto radica precisamente na súa capacidade para sortear o xuízo crítico e manter unha posición central no canon e na valoración sendo, ao tempo, un discurso que mantén e contribúe a enunciado o discurso esencialista. De feito, certos mecanismos da obra teñen un papel ambiguo, pois se, por exem-

<sup>2</sup> Era noite. Escribín no meu diario esta páxina:

“Dende a ponte do navio que lentamente se achegaba á terra percibín as luciñas do meu non visto endexamais país soñado do corazón eterno esposo Tagen Ata viño da miña boca cabalo dos meus pulsos gardenia depositada nos meus peitos oh oh e despois aconteceu coma unha vaga indecible a espiral dos ulidos rebordando o salitre todo o corazón da terra azul Grande Fraga centro do mundo meu alzándose en cheiro vexetal cara a min man sen carne benchegada dos mortos ancestros non vistos feitos humus repetíndose en fentos oh penetrando polos buratos do meu nariz facéndome oh estremecer inundándome os ollos”. Chorei (57).

<sup>3</sup> Noteime, de súpeto, ledo coma un paxariño no seu niño, aquecido pola súa grande mamá. Todo Bretaña estivo entón ao meu redor. Toda Bretaña me protexeu coas súas penas, e fixo latexar o meu cor ao compás dos latexos do seu inmenso cor de nai de granito e lume aceso. Era eu, entón, meniño outra volta (1987: 214).

plo, a existencia de referencias cruzadas, a repetición e o xogo de notas ao pé que xogan a saírse da ficción entroncan, por unha banda, con certos usos posmodernos, na obra de Méndez Ferrín contribúen tamén a desinaugurar o texto e a crear un efecto mítico que, con altas doses de autodesignación e ironía, reproduce o funcionamento de instauración do imaxinario. A impresión mítica vese reforzada polas estruturas circulares, como revela a análise que Elvira Souto Presedo (1990: 162) fai de “Amor de Artur”. É mesmamente este efecto mítico o que fixo que Tagen Ata fose comparado con outras creacións literarias tales como Yoknapatwpha de Faulkner, Comala de Rulfo, Santa María de Onetti, Macondo de Gabriel García Márquez, Región de Juan Benet, a Terra Media de Tolkien ou Tains de Rodríguez Mourullo (Sonsoles López 1988, Antón capelan 1995).

De feito, na creación do imaxinario nacionalista galego o discurso literario xogou un papel decisivo. Malia que a capacidade instaurativa dunha obra individual sexa sempre limitada, o efecto da rede textual da tradición consegue un efecto multiplicador e instaurativo grazas á súa enunciación

múltiple e recorrente. O macrotexto de Tagen Ata, a través da intertextualidade, non só integra esa propia tradición con respecto á cal xoga un papel de aumento da enunciación, senón que coa súa propia construción macrotextual imita o modo en que a rede construíu o imaxinario da nación. O deslinde das fronteiras entre realidade e ficción a través da inclusión de notas provoca un efecto de desinauguración do mito (máis ca creándoo, o texto preséntase como falando del) decisivo para a súa propia eficacia instaurativa.

O ciclo textual aquí estudado non só contribúe a facer viábel o imaxinario nacionalista nun paradigma epistemolóxico hostil, senón que consegue que esta dimensión ideolóxica non vaia en detrimento da canonicidade e a valoración por parte da crítica especializada. Ademais, esta canonicidade convértese, por outra banda, nun elemento importante para a propia eficacia ideolóxica do texto, ao potenciar a súa difusión e o seu valor modelizante. Desta complexa e difícil conxunción de factores derivase a centralidade da obra ferriniá para a reflexión sobre o papel do discurso literario en relación ao nacionalismo na actualidade.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMOR COUTO, M. (1996): “A obra de Xosé Luís Méndez Ferrín” en *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra, pp. 1473-1504.
- BARTHES, R. (1957): *Mythologies*, en *Oeuvres complètes*, Tomo I. Paris: Éditions du Seuil, pp. 561-680.
- BLANCO, C. (1993): “A espiral permanente: aproximación á figura literaria de X. L. Méndez Ferrín” en *Anuario de estudios literarios galegos* 1993. pp. 11-46.
- CALINESCU, M. (1987): *Cinco caras de la modernidad: Modernismo, vanguardia, decadencia, kitsch, posmodernismo*. Madrid: Tecnos.
- CAPELÁN REI, A. (1985): “Invitación á narrativa, por Luciano Rodríguez”, *Grial*, 88, pp. 245-251.
- (1996): Introducción a *Retorno a Tagen Ata*. Vigo: Galaxia, pp. 8-43.
- CASAS VALES, A. (2003): *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: TrisTram.
- DACOSTA, M. (1994): *Con pólvora e magnolias de Xosé Luís Méndez Ferrín*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- DEL CAÑO, X. M. (2005): *Conversas con Méndez Ferrín. Historia, literatura, nación*. Vigo: Xerais.
- FRÉDÉRIC, M. (1985): *La répétition. Étude linguistique et rhétorique*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- FREIXANES, V. (1976): *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galaxia, 1982.
- JAMESON, F. (1986): “Third-World Literature in an Era of Multinational Capitalism”, trad. ao galego “A literatura do terceiro mundo na era do capitalismo multinacional”, *A Trabe de Ouro*, 13, 1993, pp. 11-31.
- LÓPEZ PÉREZ, S. (1988): Introducción a *Contos* de X. L. Méndez Ferrín, Vigo: Xerais, 1988, pp. 11-49.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1971): *Retorno a Tagen Ata*, Vigo: Xerais. 1996.
- (1976): *Antón e os inocentes*. Monforte de Lemos: Edicións Xistral.
- (1980): *Crónica de nós*. Vigo: Xerais.
- (1982): *Amor de Artur*. Vigo: Xerais, 1991.
- (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.
- (1985): *Arnoia, Arnoia*. Vigo: Xerais, 1990.

- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1987): *Bretaña, Esmeraldina*. Vigo: Xerais.
- (1992): “Autopoética” e poemas de creación, en *Boletín Galego de Literatura* 7, pp. 149-154.
- QUEIZÁN, M.<sup>a</sup> X. (1979): “A nova narrativa ou a loita contra o sentimentalismo” en *Grial* 63, pp. 67-80.
- RODRÍGUEZ GÓMEZ, L. (1983): *Invitación á narrativa: antoloxía da narrativa actual*. Vigo: Xerais.
- ROGER, A. (1997): *Court traité du paysage*. Paris: Gallimard.
- SALGADO, X. M. e X-M. CASADO (1989): *X. L. Méndez Ferrín*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- SOUTO PRESEDO, E. (1990): “(A)mor(te) de Artur” en *Agália* n.º 22, pp. 161-175.
- VILAVEDRA FERNÁNDEZ, D. (1993): “Polifonía e variabilidade diacrónica dos emisores inmanentes na novela galega” en *Anuario de estudos literarios galegos* 1993, pp. 131-154.